

## CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA CAMIÑO DE OCA Á IGREXA (AMES)

Na Casa do Concello de Ames a 10 de outubro de 2017,

### REÚNENSE:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria da Corporación, dona Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2017.

Doutra parte don Pablo Valiñas Monteagudo, con NIF 44.086.301-Q, actuando en representación da empresa **Nexia Infraestructuras SLU**, con CIF B-27802503 e domicilio social no lugar da Hermida s/n, Marcón en Pontevedra.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

### CLÁUSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a **Nexia Infraestructuras SLU**, con CIF B-27802503 a realización das obras de "**CAMIÑO DE OCA Á IGREXA (AMES)**" no prezo de sesenta un mil dez euros e dez céntimos (**61.010,10.- euros**), máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de doce mil oitocentos doce euros e doce céntimos (**12.812,12.- euros**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o procedemento de licitación e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **3.050,51.- Euros**, mediante certificado de caución N°. CN386/01/41/2017/3525, da Compañía de Seguros ASEFA SA SEGUROS Y REASEGUROS.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asinano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-



Concello  
de AMES  
SECRETARÍA XERAL